


TFG DE REVISIÃO BIBLIOGRÁFICA



Biblioteca da Faculdade
de Ciencias



GALEGO

Información importante.

Ler detidamente.

Garda esta información para consultala no futuro.

ADVERTENCIA

O obxectivo básico dun traballo de revisión bibliográfica é realizar unha investigación documental: recompilar toda a información existente sobre un tema elixido e usala para debuxar unha panorámica global sobre o seu estado.

Esta información pódese obter de diversas fontes primarias (artigos científicos, libros, actas de congresos ou outros traballos académicos) que recuperaremos a través de distintas fontes secundarias (bases de datos, buscadores ou repositorios).

Non obstante, hai que ter en conta que non basta con facer un simple resumo da información atopada: débese establecer unha relación entre as fontes, facer comparacións entre elas e analizar criticamente a información recompilada.

ESPAÑOL

Información importante.

Leer detenidamente.





Guarda esta información para consultarla en el futuro.

ADVERTENCIA

El objetivo básico de un trabajo de revisión bibliográfica es realizar una investigación documental: recopilar toda la información existente sobre un tema elegido y usarla para esbozar una panorámica global sobre su estado.

Esta información se puede obtener de varias fuentes primarias (artículos científicos, libros, actas de congresos u otros trabajos académicos) que recuperaremos a través de diferentes fuentes secundarias (bases de datos, buscadores o repositorios).

No obstante, hay que tener en cuenta que no basta con hacer un simple resumen de la información que encontremos: se debe establecer una relación entre las fuentes, hacer comparaciones entre ellas y analizar críticamente la información recopilada.



1

INSPIRACIÓN

Sempre é boa idea coñecer traballos anteriores e usalos como musa.

No RUC atoparedes exemplos abundantes. Tan sinxelo como entrar en **ruc.udc.es** e buscar "revisión bibliográfica" no cadro superior para ter acceso ao texto completo de traballos de revisión bibliográfica de anos anteriores e de diferentes graos.

RUC é o acrónimo de Repositorio Institucional da Universidade da Coruña, unha plataforma que almacena e difunde traballos orixinais produto da actividade investigadora ou académica da UDC.



INSPIRACIÓN

Siempre es buena idea conocer trabajos anteriores y usarlos como musa.

En el RUC encontraréis bastantes ejemplos. Tan sencillo como entrar en **ruc.udc.es** y buscar "revisión bibliográfica" en el cuadro superior para tener acceso al texto completo de trabajos de revisión bibliográfica de años anteriores y de diferentes grados.

RUC es el acrónimo de Repositorio Institucional de la Universidade da Coruña, una plataforma que almacena y difunde trabajos originales producto de la actividad investigadora o académica de la UDC.



2

ESTRATEGIA

¡IMPORTANTE! Temos que planificar e poñer por escrito o que, o como e o onde imos buscar.

A estratexia de busca é o proceso no que seleccionamos as palabras que mellor describen o noso traballo, os límites que aplicaremos e as fontes óptimas para atopar a información que precisamos.

A elección e posterior combinación das **palabras clave** que definen a nosa investigación desembocarán na construción dunha ou varias **ecuacións de busca**, o punto de partida de toda procura bibliográfica.

Vexamos como seleccionar os termos idóneos e algunhas pautas para elaborar unha ecuación top.

ESTRATEGIA

¡IMPORTANTE! Tenemos que planificar y poner por escrito el qué, el cómo y el dónde vamos a buscar.

La estrategia de búsqueda es el proceso en el cual seleccionamos las palabras que mejor describen nuestro trabajo, los límites que aplicaremos y las fuentes óptimas para encontrar la información que necesitamos.

La elección y posterior combinación de las **palabras clave** que definen nuestra investigación desembocarán en la construción de una o varias **ecuaciones de búsqueda**, el punto de partida de toda pesquisa bibliográfica.

Veamos cómo seleccionar los términos idóneos y algunas pautas para elaborar una ecuación top.

ELECCIÓN DOS TERMOS

Para escoller os termos que utilizaremos na procura bibliográfica tentaremos plasmar **nunha frase** o tema da nosa investigación.

Dela, seleccionaremos as **palabras** con maior **carga semántica**.

A continuación analizaremos que **termos relacionados** coas palabras escollidas pódennos ser útiles: sinónimos, termos específicos/xenéricos, termos técnicos, variantes ortográficas, traducción a outros idiomas, etc.


OPERADORES BOOLEANOS

Utilízanse para combinar varios termos co obxectivo de reducir ou ampliar a busca.

Operador de intersección: **AND**

Operador de ampliación: **OR**

Operador de exclusión: **NOT**



TRUNCADO/MÁSCARA

Utilízanse para buscar simultaneamente variantes dun termo substituíndo unha letra por * (truncado) ou ? (máscara).

IMPORTANTE! O * substitúe cero ou máis caracteres, pero a ? soamente un.

Alumn*: alumno, alumnado, alumnos...

Alumn?: alumno, alumna

COMIÑAS

Utilízanse para buscar frases literais.

PARÉNTESIS

Utilízanse para construír unha ecuación de busca complexa, combinando e agrupando conceptos.

EXEMPLO RANDOM

("enerxia solar" OR "enerxia fotovoltaica")
AND aplicac*

ELECCIÓN DE LOS TÉRMINOS

Para escoger los términos que utilizaremos en la búsqueda bibliográfica intentaremos plasmar en **una frase** el tema de nuestra investigación.

De ella, seleccionaremos las **palabras** con mayor **carga semántica**.

A continuación analizaremos qué **términos relacionados** con las palabras escogidas nos pueden ser útiles: sinónimos, términos específicos/genéricos, términos técnicos, variantes ortográficas, traducciones, etc.


OPERADORES BOOLEANOS

Se utilizan para combinar varios términos con el fin de reducir o ampliar la búsqueda.

Operador de intersección: **AND**

Operador de ampliación: **OR**

Operador de exclusión: **NOT**



TRUNCAMIENTO/MÁSCARA

Se utilizan para buscar simultáneamente variantes de un término sustituyendo una letra por * (truncamiento) o ? (máscara).

¡IMPORTANTE! El * sustituye cero o más caracteres, pero la ? solamente uno.

Alumn*: alumno, alumnado, alumnas...

Alumn?: alumno, alumna

COMILLAS

Se utilizan para buscar frases literales.

PARÉNTESIS

Se utilizan para construír una ecuación de búsqueda complexa, combinando y agrupando conceptos.

EJEMPLO RANDOM

("energia solar" OR "energia fotovoltaica")
AND aplicac*

3

FONTES

A estratexia non finaliza tras construír unha ecuación: agora hai que escoller as fontes secundarias nas que aplicala para atopar as fontes primarias idóneas.

Velaquí unha selección de recursos moi válidos para, cando menos, iniciar o labor.

👉 **¡IMPORTANTE!** Podedes acceder a elas facendo clic no seu nome.

BASES DE DATOS

Scopus®



ÍNDICES
CSIC



SCIFINDER^{nº}

BUSCADORES ACADÉMICOS

Google Académico

¹findr

| R | S . A |

BUSCADORES DE TESES

OATD: Open Access Theses and Dissertations

DART-Europe E-theses Portal

RECOLECTA: Recolector de Ciencia Abierta

💡 **LEMBRA!** Para acceder a algúns recursos desde casa é necesario autenticarse **ASÍ**.

4

XESTORES

Se queremos non afundir no tsunami de información que atoparemos grazas á nosa estratexia, necesitaremos un axudante.

FUENTES

La estrategia no finaliza tras construir una ecuación: ahora hay que escoger las fuentes secundarias en las que aplicarla para hallar las fuentes primarias idóneas.

Dejamos aquí una selección de recursos muy válidos para, como mínimo, iniciar la labor.

👉 **¡IMPORTANTE!** Podéis acceder a ellas haciendo clic en su nombre.

BASES DE DATOS

Scopus®



ÍNDICES
CSIC



SCIFINDER^{nº}

BUSCADORES ACADÉMICOS

Google Académico

¹findr

| R | S . A |

BUSCADORES DE TESIS

OATD: Open Access Theses and Dissertations

DART-Europe E-theses Portal

RECOLECTA: Recolector de Ciencia Abierta

💡 **¡RECUERDA!** Para acceder a algunos recursos desde casa es necesario autenticarse **ASÍ**.

GESTORES

Si queremos sobrevivir al maremágnum de información que encontraremos gracias a nuestra estrategia, necesitaremos un ayudante.

Que mellor momento que este para outorgarlle todo o protagonismo ao **xestor bibliográfico**, actor secundario que entrou a escea coa obra iniciada pero que será peza fundamental para que o final sexa feliz.

Os xestores bibliográficos son **aplicacións** que permiten **recompilar, organizar, citar e referenciar** nun formato normalizado os **datos** descritivos de calquera fonte primaria.

Noutras palabras: gardan os artigos etc. que imos atopando, facilítannos a súa organización, insertan as citas no noso traballo e crean a bibliografía.

Hai moitos, pero nós recomendamos calquera destes tres: Mendeley, RefWorks ou Zotero.



👉 **¡IMPORTANTE!** Podedes acceder a eles facendo clic no seu logotipo.

5

HELP!

O asunto é complexo. Sabémolo.

Igual que sabemos botar un cable a quen o necesite: podedes enviar as vosas consultas ou peticións de auxilio ao noso correo **ciencias.bib@udc.es** ou buscarnos no **Teams** para falar con calma.

You can do it! 🙌

Qué mejor momento que este para otorgarle todo el protagonismo al **gestor bibliográfico**, actor secundario que entró a escena con la obra iniciada pero que será pieza fundamental para que el final sea feliz.

Los gestores bibliográficos son **aplicaciones** que permiten **recopilar, organizar, citar y referenciar** en un formato normalizado los **datos** descriptivos de cualquier fuente primaria.

En otras palabras: guardan los artículos etc. a medida que los encontramos, facilitan su organización, insertan las citas en el trabajo y crean la bibliografía.

Hay muchos, pero os recomendamos cualquiera de estos tres: Mendeley, RefWorks o Zotero.



👉 **¡IMPORTANTE!** Podéis acceder a ellos haciendo clic en su logotipo.

5

HELP!

El asunto es complejo. Lo sabemos.

Igual que sabemos echar un cable a quien lo necesite: podéis enviar vuestras consultas o peticiones de auxilio a nuestro correo **ciencias.bib@udc.es** o buscarnos en el **Teams** para hablar con calma.

You can do it! 🙌